

13Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral é un órgano unipersoal de goberno da Universidade da Coruña fedatario dos órganos colexiados, dos cales forma parte, e das actuacións en que estea presente. Desempeña a secretaría do Claustro Universitario e do Consello de Goberno e difunde e dá fe de todos os actos e acordos dos órganos colexiados. Ademais, correspóndelle a custodia do arquivo universitario e a coordinación do Servizo de Asesoría Xurídica. Así mesmo, é responsable da xestión dos procesos electorais. Actualmente preside a Comisión Electoral Central da UDC.

Asesoría Xurídica

As distintas vertentes do actuar da Asesoría Xurídica concrétanse en dous grandes ámbitos: dunha banda, a representación e defensa xurisdiccional da UDC ante as diferentes ordes procesuais (civil, penal, contenciosa-administrativa e social) e doutra, a función de asesoramento en Dereito aos órganos xestores con

competencia resolutoria, para ilustrar a decisión da xestión cun máis axeitado cumprimento do principio de legalidade.

A actuación da Asesoría Xurídica respecto da orde xurisdiccional contenciosa-administrativa centrouse nos 37 procedementos iniciados en 2007. Cómpre distinguir os incoados polo colectivo do alumnado, os incoados polo do persoal de administración e servizos e os incoados polo do profesorado. Así mesmo hai que salientar que 17 sentenzas foron favorables á institución e 19 ditadas contra ela. Os cinco autos ditados polos tribunais foron favorables.

No ámbito social a Asesoría Xurídica interveu en 18 novos procedementos. Ditáronse 18 sentenzas desfavorables e unha favorable. Por último e con referencia aos informes que, no exercicio da función consultiva, se emiten pola Asesoría Xurídica, elaboráronse 231 informes escritos.

Procedementos iniciados	37
Alumnado	4
Persoal de administración e servizos	29
Profesorado	4
Sentenzas favorables á UDC	17
Sentenzas desfavorables á UDC	19
Autos favorables á UDC	5
Autos desfavorables á UDC	0

Cadro 175 Orde xurisdiccional contenciosa-administrativa en 2007

Procedementos iniciados	18
Sentenzas favorables á UDC	1
Sentenzas desfavorables á UDC	18

Cadro 176 **Orde xurisdiccional social en 2007**

Convenios e acordos	176
Regulamentos	13
Contratación	19
Recursos de alumnado	8
Doutoramento	1
Persoal de administración e servizos	1
Profesorado	2
Pregos	1
Propiedade intelectual	1
Varios	8
Total	231

Cadro 177 **Informes da Asesoría Xurídica por escrito en 2007**

A cifra de apuntamentos inclúe aqueles aos que dan lugar as actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas polos servizos internos da UDC,

ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais.

Total entrada do rexistro interno	293 asentos
Total entrada do rexistro de xulgados	1.000 asentos

Cadro 178 **Número de apuntamentos en 2007**

Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña é unha unidade dependente da Secretaría Xeral que naceu coa finalidade de darlle un tratamento global ao proceso de entrada, tramitación e arquivo de documentación administrativa. Este servizo consta de dúas unidades diferenciadas: o Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

Rexistro

A unidade de rexistro consta do Rexistro Xeral (Reitoría), o Rexistro Auxiliar de Ferrol e o Rexistro Auxiliar de Elviña. A súa actividade réxese polo Regulamento de Rexistro da Universidade da Coruña. En 2007 contabilizáronse 17.236 entradas e 16.937 saídas.

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	12.478	Total: 17.236
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	1.207	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	3.551	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	16.842	Total: 16.937
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	54	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	41	

Cadro 179 **Asentos realizados polo Rexistro en 2007**

- Ademais, o número total de consultas atendidas polo persoal do Rexistro en 2007 foi de 4.311.
- Segundo o Regulamento do Rexistro, poden establecerse rexistros auxiliares cando o volume ou a natureza das actividades dunha unidade administrativa o aconsellaren e tamén para lles aproximar as oficinas de rexistro ás persoas usuarias. Isto último pode aplicarse ao campus de Elviña, onde radica un bo número de membros da comunidade universitaria. Deste xeito por Resolución reitoral de 19 de xaneiro de 2007 creouse o Rexistro Auxiliar de Elviña, nunha dependencia anexa da Casa do Lagar, que ese mesmo día comezou a súa actividade.

Centro de Documentación e Arquivo

O Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR), que iniciou unha nova etapa na súa recente historia co traslado á súa nova sede no Edificio Xoana Capdevielle en 2006, é unha unidade especializada no tratamento e na xestión da documentación da universidade, na súa custodia e na accesibilidade aos membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Constitúe unha unidade de apoio á docencia, á investigación e á xestión administrativa da universidade. O CEDAR conta cun regulamento propio.

Desde a súa posta en marcha, o CEDAR pertence á Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas (CAU), entidade que está integrada na comisión sectorial de secretarios xerais da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE). Asiste desde a súa creación a todos os plenarios e leva á práctica na Universidade da Coruña os acordos adoptados neses plenarios.

O CEDAR estivo presente nas XIII Jornadas de Archivos Universitarios, que tiveron lugar en Lleida en abril de 2007, organizadas pola Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas. Neste encontro desenvolveuse o pleno da Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas, con participación do CEDAR.

No ano 2007 houbo 12 transferencias de documentación ao CEDAR desde distintas unidades da UDC, cun total de 891 caixas de arquivo. Iniciáronse, alén diso, os trámites con distintas unidades e servizos para efectuaren transferencias de documentación que se materializarán en 2008.

- Para facilitar o acceso á documentación, aprobáronse en 2007 o Formulario de consulta de documentos e o Formulario de préstamo de documentos.

- Aprobouse por Resolución reitoral de 13 de xuño de 2007 a Táboa de valoración e acceso da serie documental de expedientes para a expedición de títulos académicos universitarios oficiais de primeiro e segundo ciclo de Universidade da Coruña. Esta táboa de valoración segue as recomendacións da Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas. Iniciouse ademais a elaboración doutras táboas de valoración e acceso de distintas series documentais, que se rematarán en 2008.

Xestión de procesos electorais: eleccións a reitor

Por resolución reitoral do 2 de novembro de 2007 convocáronse eleccións ordinarias a reitor para o día catro de decembro. Neste proceso electoral aplicouse por primeira vez o novo regulamento específico, que se aprobara en Consello de Goberno o 31 de outubro de 2007.

Establecéronse un total de 52 mesas electorais, das que 22 correspondían a PDI, 27 a estudantes e as 3 restantes ao sector de PAS. Habilitáronse un total de 68 urnas.

Profesorado doutor con vinculación permanente	666
Restantes categorías de PDI	759
Estudantado	21.391
PAS	680
Total	23.496

Cadro 180 Censo para as eleccións a reitor de 2007

Presentáronse dous candidatos: o profesor José María Barja Pérez, polo grupo Nova Luce, e o profesor Jorge

Teijeiro Vidal. Realizada a ponderación e o escrutinio definitivo, resultou gañador o profesor Barja Pérez.

Profesorado doutor con vinculación permanente	92,28
Restantes categorías de PDI	72,20
Estudantado	13,28
PAS	77,79
Porcentaxe total	19,28

Cadro 181 **Porcentaxes de participación no proceso electoral por sectores**

	Emitidos	Válidos	Branco	Nulos
Profesorado doutor con vinculación permanente	613	546	59	8
Restantes categorías de PDI	548	459	82	7
Estudantado	2.841	2.474	311	56
PAS	529	473	78	14
Total	4.531	3.916	530	85

Cadro 182 **Escrutinio das eleccións a reitor en 2007**

A xestión do proceso electoral realizouse mediante o mesmo sistema informático utilizado nas eleccións a representantes no Claustro, xuntas de centro e con-

sellos de departamento en 2006, mais incorporando moitas novidades, algunhas relacionadas coa visualización do escrutinio en tempo real.

